

Decreto: 383
Data decreto: 08/06/2015

Descrición decreto: APROBACION BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL: AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO, CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EXP: 2015000002545), PEÓNS E CAPATACES DE LIMPEZA DE PRAIAS (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EXP: 2015000002460), BRIGADA DE MANTEMENTO E ACONDICIONAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS. (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, COD. EXP: 2014990006115), AUXILIARES DE TURISMO.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vistas as necesidades do departamento de servizos sociais, departamento de obras e servizos (subvención da Deputación da Coruña exp: 2015000002545), limpeza de praias (subvención da Deputación da Coruña exp: 2015000002460), brigada de mantemento e acondicionamento das infraestruturas municipais (subvención da Deputación da Coruña exp: 2014990006115), do departamento de promoción turística.

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes bases de selección (anexo I) de:

- Unha (1) praza de auxiliar de axuda no fogar.
- Un (1) oficial de 2ª e dous (2) peóns.
- Doce (12) prazas de peón e catro (4) capataces de limpeza de praias.
- Unha (1) praza de peón da brigada de mantemento e acondicionamento das infraestruturas municipais.
- Dúas (2) prazas de auxiliar de turismo.

SEGUNDO: Da presente resolución darase conta á Intervención e Tesourería municipais.

TERCEIRO: Ordenar a publicación do anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e nun xornal de gran tiraxe, e a efectos puramente informativos, estas bases tamén poderán ser publicadas na paxina web do concello: <http://www.portodoson.org>

Anexo I

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE AUXILIAR DE TURISMO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CAMPAÑA DE VERÁN 2015.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes Bases e Convocatoria é a selección e provisión de dúas (2) praza de **AUXILIAR DE TURISMO** para o Concello de Porto do Son como **persoal laboral temporal**, a xornada completa, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado: **Campaña de Verán 2015, duración: dende o 01/07/2015-15/09/2015.**

As funcións que lle corresponden ao posto sinalado no parágrafo anterior son as seguintes:

- Atención ao público no Punto de Información Turística e Punto de Información do Castro de Baroña.
- Tarefas administrativas necesarias para o funcionamento do Punto de Información Turística e Punto de Información do Castro de Baroña.
- Traslado de material de documentación e/ou de outros obxectos necesarios para o funcionamento do Punto, dende o lugar no que se encontren dentro do Concello ata o Punto de Información Turística e Punto de Información do Castro de Baroña.
- Asistencia a exposicións e convencións turístico-culturais que lle sexa encomendada polo Alcalde Presidente ou polo equipo de goberno.
- Tarefas afíns ó posto que lle sexan encomendadas ou resulten necesarias por razóns do servizo; particularmente aquelas que se derivan dos coñecementos ou experiencias esixidos nas probas de asignación ó posto.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, de 12 de abril (en adiante EBEP).

Vista a proximidade da tempada de verán 2015 e tendo en conta a repercusión que supón esta tempada para o turismo no concello, resulta necesario proceder á contratación laboral temporal de (2) dúas prazas de Auxiliar de Turismo para o Punto de Información Turística e Punto de Información do Castro de Baroña, xa que esta área é prioritaria para o desenvolvemento económico do municipio polos beneficios que supón para o seu sector servizos. Deste xeito considérase xustificada a contratación laboral temporal.

II. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no EBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Restante normativa vixente na materia.

III. RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a xornada completa. O contrato será de **“obra ou servizo determinado: Campaña de Verán 2015”**

As retribucións serán as fixadas para o posto no Orzamento e Convenio Colectivo en vigor no Concello de Porto do Son.

A xornada laboral será de 37,50 horas semanais que se prestarán na medida e nas formas requiridas para o interese do servizo, conforme á lexislación aplicable.

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do EBEP, que deberán reunir na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, como mínimo, do título de **Bacharelato LOXSE / LOE, Formación Profesional de Grado Medio ou equivalente**.

4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6.- Estar en posesión do carnet de conducir B e dispoñibilidade de vehículo propio.

7.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

V. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme ao modelo que consta no Anexo II das presentes Bases.

Xunto coa solicitude débense achegar fotocopias compulsadas dos documentos xustificativos e demais requisitos desta convocatoria. Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia compulsada do **D.N.I** ou documento equivalente.
- 2.- Fotocopia compulsada do **carnet de conducir B e declaración de dispoñibilidade de vehículo propio**.
- 3.- Fotocopia compulsada do título de **Bacharelato, Formación Profesional de Grado Medio ou equivalente**, ou Titulación Superior; ou documento xustificativo, cando aínda non se posúa o mesmo.
- 4.- Documentación acreditativa dos **méritos alegados** e que se sinalan no Baremo (Cláusula VII destas Bases)

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son no prazo de **5 días hábiles**, en horario de 9:00 a 14:00, (sábado de 10:00-12:30) que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun **xornal de gran tiraxe**. Se o último día do prazo fose inhábil, trasladarse ao primeiro día hábil seguinte.

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común. Se optan por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso e cando se presente a instancia noutro Rexistro Público diferente ao do Concello de Porto do Son, os solicitantes antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes deberán remitir copia da instancia debidamente selada ou rexistrada ao número de fax do Concello: 981767358. **No caso de non remitir esta documentación vía fax, se terán por desistidos da súa petición.**

Estas Bases serán publicadas no Taboleiro de Edictos do Concello de Porto do Son. A convocatoria será publicada nun xornal de gran tiraxe. A efectos puramente informativos, tamén poderán ser publicados na páxina web do Concello de Porto do Son (www.portodoson.org).

VI. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do EBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: José Manuel González García.
- Vogal: M^a. Pilar Sánchez Fariña
- Secretario: M^a. Carmen Monzón Rodríguez.

En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

VII. PROCESO SELECTIVO

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e a segunda fase na oposición.

PRIMEIRA FASE: CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA 7 PUNTOS.

Méritos a estimar:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo obxecto da convocatoria ou similares. Máximo de 1 punto.

A) Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou na empresa privada no posto de obxecto da convocatoria ou

similares, mediante relación laboral ou funcionarial ou prácticas profesionais: 0,10 puntos/mes completo. No caso de servizos prestados inferiores a 1 mes, ratearase proporcionalmente, entendendo que 1 mes ten 30 días.

Os méritos alegados acreditaranse da seguinte maneira: acreditaranse mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos (orixinais ou copias compulsadas).

2.- Outras titulación relativas co posto de traballo, Máximo 2 puntos.

- Diplomatura en Turismo, Licenciatura en Historia, Licenciatura en Historia da Arte: 2 puntos.

Os méritos alegados acreditaranse da seguinte maneira: documentación acreditativa de ter superados os estudos correspondentes as titulacións anteriormente indicadas.

3.- Formación complementaria non regrada relacionadas con turismo, Máximo 2 puntos.

- Por cada curso de duración igual ou superior a 90 horas lectivas: 1 punto.
- Por cada curso de duración de 40 ata 90 horas lectivas: 0,50 puntos.

Os méritos alegados acreditaranse da seguinte maneira: documentación acreditativa de ter superados dita formación complementaria.

4.- Coñecemento do Inglés, Francés, Alemán. Máximo 2 puntos.

Será valorada a realización de cursos de formación/perfeccionamento en inglés, francés, alemán dispensados por centros e organismos oficiais ou privados debidamente homologados. Valoración: máximo de 2 puntos, co seguinte desglose:

- Por cada ano académico da escola Oficial de Idiomas: 0,40 puntos.
- No caso de cursos cunha duración inferior a un ano académico:
 - Cursos de ata 49 horas: 0,010 puntos.
 - Cursos de 50 a 99 horas: 0,020 puntos.
 - Cursos de 100 ou máis horas: 0,050 puntos.
- Por posuír a licenciatura ou grao en filoloxía inglesa, francesa, alemana: 2 puntos.
- PET, FIRST, ADVANCE: 2 puntos.

Os méritos alegados acreditaranse da seguinte maneira: copia compulsada do certificado ou diploma expedidos polo centro oficial ou privado debidamente homologado, no que figure a duración do curso (ano académico, duración en horas, etc). No caso de non figurar a duración, o curso será puntuado como un curso de ata 49 horas (0,010 puntos)

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 10 PUNTOS.

Primeiro Exercicio: Proba escrita, eliminatoria.

Exame escrito que consistirá en contestar 10 preguntas (que poden ser tipo test ou preguntas cortas), referidas ao Temario incluído no Anexo I das presentes Bases.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 40 minutos.

O exercicio valorarase de **0 a 10 puntos**. Cómpre acadar un mínimo de 5 puntos para superar o exame.

VIII. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.

A puntuación total de quen participe virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha **puntuación máxima de 17 puntos**.

En caso de empate, terá preferencia o aspirante que obteña a maior puntuación na proba escrita. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e elevará dita relación ao Alcalde-Presidente que formulará o nomeamento do aspirante que acadase maior puntuación; para ser contratado de inmediato.

A relación de aprobados por orde de puntuación tamén poderá ser publicada na páxina web do Concello de Porto do Son, a efectos puramente informativos.

IX. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLO ASPIRANTE APROBADO.

Os aspirantes seleccionados deberá presentar, perante a Administración Municipal, no prazo de **2 días naturais** en horario de 9:00 a 14:00, (sábado de 10:00-12:30) *(se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)* dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo
- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

X. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes (que se contará a partir do día seguinte á inserción do anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello) contra a convocatoria e as Bases, previo ao contencioso. O recurso contencioso-administrativo poderá interpoñerse directamente no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á inserción do anuncio de convocatoria e Bases no Taboleiro de Edictos do Concello.

Do mesmo xeito, a resolución da Alcaldía-Presidencia que aproba a lista provisional e definitiva de admitidos tamén poderá ser impugnada nos termos antes descritos.

XI. BOLSA DE EMPREGO

Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de prazas con carácter interino ou a celebración de contratos laborais con carácter temporal para a mesma finalidade: Auxiliar de Turismo. Neste caso deberá optarse polos ou polas participantes que obtiveran unha mellor puntuación segundo a orde decrecente que conste nas actas do Tribunal de Valoración. O mesmo sistema seguirase para suplir eventuais situacións de rexeitamento ou similares do seleccionado ou seleccionada. A duración máxima desta bolsa de emprego será de 1 ano.

ANEXO I. TEMARIO

1. O recursos turísticos do Concello de Porto do Son.
 2. O Concello de Porto do Son: parroquias, lugares, praias e coñecemento en xeral.
 3. Información turística e atención ao público no Punto de Información Turística e Punto de Información Turísticas do Castro de Baroña.
 4. Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia.
-